

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DEZ DE MARZO DE DOUS MIL VINTE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a Raquel Caruncho Corral
D. José Simoes Couceiro
D^a Yolanda Vázquez Busto
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luís Ángel Díaz González.
D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dez horas e vinte minutos do día dez de marzo de dous mil vinte, xúntanse en sesión extraordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membro d relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Municipal.

Non asiste:

D. Luis Pena Mosquera, desculpando a ausencia por motivos laborais.

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO VINDEIRO 5 DE ABRIL DE 2020.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO VINDEIRO 5 DE ABRIL DE 2020.

(Expediente TEdC: 2020/G006/000032)

A necesidade da sesión ven motivada pola convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia que, atendendo ao disposto no Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. (DOG Núm. 28 de Martes, 11 de febreiro de 2020), se celebrarán o vindeiro día 5 de abril de 2020.



Considerando ao disposto no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño) é necesario a designación por sorteo público dos/as Presidenta/a e Vocais das Mesas Electorais.

Propónse o seguinte sistema a seguir, de conformidade co acordado pola Comisión informativa de facenda 26.01.2009, sobre a utilización de medios informáticos dos que se dispoñen para poder realizar o sorteo público para a composición das Mesas Electorais das vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia de 05 de abril de 2020.

Dado que se dispón en soporte informático do Censo electoral e dun programa proporcionado pola Deputación Provincial da Coruña, que realiza o sorteo de modo automático e aleatorio, e que elabora as notificacións e listados necesarios para este proceso, trátase de autorizar que o sorteo se faga normalmente nas dependencias administrativas municipais, dando oficialidade no pleno extraordinario que se celebra hoxe mesmo.

No caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o nomeamento de novos compoñentes das Mesas para substituír aos seleccionados que por motivos xustificadas non poidan acudir o día das eleccións, seleccionaranse os números que resulten de sumar 10 aos números dos/as electores/as que se substitúan, sempre que se reúnan os requisitos esixidos pola Lei electoral para ser Presidente/a ou Vogal segundo o establecido no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Por tanto, e segundo o anterior propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas que integrarán as mesas electorais con motivo da celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia o 05 de abril de 2020.

2.- Efectuar o sorteo e designar aos/lás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vocais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

3.- Ratificar as normas segundo o sistema acordado na Comisión Informativa do 26.01.2009 de que no caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o seu nomeamento, o/s elector/es cuxo número resulte de sumar 10 ao número de elector/es que substitúa/n, sempre que cumpran os requisitos legais para ser Presidente/a ou Vogal da mesa, segundo o artigo 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe..”

A Secretaria da lectura ás persoas membros das mesas que resultaron do sorteo (1 presidente/a e dous 2 por mesa).

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

2. - SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I.

O Sr. Presidente xustifica a urxencia e indica que o motivo da proposta obxecto de acordo é o retraso nas obras, adecuando así o calendario ás actuacións.

De seguido, sométese a votación a inclusión do asunto na orde do día, quedando **RATIFICADA POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, a **SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA**.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

“PROPOSTA DE ACORDO

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

(Expediente TEdC: 2020/X999/000093-2020/G006/000023)

O 30.08.2016 asinábase o “*Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020*”, logo da adopción polo Pleno celebrado en sesión ordinaria de 28.07.2016 do correspondente acordo.

En datas 27.07.2017 e 26.04.2018 o Pleno do Concello adoptaba os acordos relativos “*Reaxuste das anualidades da obra “Melloras no Saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Ponte deume (A Coruña)”*”.

O pleno do Concello de Ponte deume adoptaba en sesión extraordinaria e urxente, entre outros, o acordo relativo á aprobación da “*Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020*”

Á vista da proposta de Augas de Galicia, correo electrónico de 14/02/2020, documento con rexistro de entrada nº 202000000000341 de 17 de febreiro de 2020, de texto para a sinatura da “*Segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020*”.

Téndose detectado un erro no cadro de anualidades daquel e recibido documentos rectificativos en data 18.02.2020, documento con rexistro de entrada nº 202000000000350 e en data 05.03.2020, rexistro de entrada nº 202000000000486, documento definitivo.

Visto o contido do informe de fiscalización de data 27/02/2020 e de rectificación de erros de data 05.03.2020.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Aprobar “Segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello de Pontedeume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, cuxo texto se transcribe:

“SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Lugar, data

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Pontedeume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

O 30.08.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello de Pontedeume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O 19.12.2018 formalizouse a primeira addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución das actuacións.

A cláusula undécima do citado convenio, relativa a súa modificación, dispón que *Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.*

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

Por unha banda, producíronse retrasos no inicio da execución das actuacións debido a que unha autorización sectorial (a concesión de ocupación do dominio público marítimo terrestre) imprescindible para o normal desenvolvemento das actuacións foi resolta mais tarde do inicialmente previsto polo que a finalización das actuacións contratadas prevese para o primeiro semestre do 2021. Por outra, as partes consideran necesario ampliar o prazo de vixencia ata o 2022, xa que unha vez rematadas estas actuacións valorárase se é preciso executar algunha actuación adicional para cumprir co obxectivo do convenio.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas quinta e décima, nos seguintes termos

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 4.300.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2019	183.011,17
2020	2.126.543,96
2021	1.000.000,00
2022	990.444,87

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.



DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2022. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, as partes asinan este documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia
Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde de Pontedeume
Bernardo Fernández Piñeiro

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Pontedeume para a sinatura desta e a realización de demais actuacións precisas para a súa execución, en nome e representación do concello de Pontedeume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar “*Segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello de Pontedeume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020*”, cuxo texto se transcribe:

“SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Lugar, data

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Ponte deume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

O 30.08.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O 19.12.2018 formalizouse a primeira addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución das actuacións.

A cláusula undécima do citado convenio, relativa a súa modificación, dispón que *Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.*

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.

Por unha banda, producíronse retrasos no inicio da execución das actuacións debido a que unha autorización sectorial (a concesión de ocupación do dominio público marítimo terrestre) imprescindible para o normal desenvolvemento das actuacións foi resolta mais tarde do inicialmente previsto polo que a finalización das actuacións contratadas prevese para o primeiro semestre do 2021. Por outra, as partes consideran necesario ampliar o prazo de vixencia ata o 2022, xa que unha vez rematadas estas actuacións valorarase se é preciso executar algunha actuación adicional para cumprir co obxectivo do convenio.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas quinta e décima, nos seguintes termos

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 4.300.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos



de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2019	183.011,17
2020	2.126.543,96
2021	1.000.000,00
2022	990.444,87

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 “conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos”, Prioridade de Investimento 6.2 “o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos”, Obxectivo Específico 6.2.1 “culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga”. Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2022. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, as partes asinan este documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia
Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde de Pontedeume
Bernardo Fernández Piñeiro



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ponte deume para a sinatura desta e a realización de demais actuacións precisas para a súa execución, en nome e representación do concello de Ponte deume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

